



LINGUA GALEGA E LITERATURA

2º ESO

Exercicios luns 30.

ACTIVIDADES: VERBOS REGULARES

F) As formas verbais subliñadas no seguinte texto están incorrectamente escritas ou empregadas.

Despois de reflexionar por que, corríxeas.

Discutín cos meus pais por mor das notas e, porén, foi una experiencia moi positiva. Se non suspendera tres materias nesta avaliación, non falaría con eles durante tres horas. Cóntoche: habíanme entregado as notas ás 11 da mañá pero non llelas ensinei aos meus pais ata as nove da noite. Mentres ceábamos díxenlles que había suspendido tres e, cando me dispuña a explicar as razóns que provocasen eses resultados, o meu pai interrompeu o meu discurso e comezou a berrar asegurando que xa o esperava, que estaba visto, que era lóxico, que o estraño sería que trouxese todo aprobado, que saía demasiado e falaba a todas horas por teléfono e, claro, non estaba centrada no que tiña que estar. Despois, tocoulle a quenda á miña nai para botarme en cara que non facía nada na casa.

- Andiveches con quen che pareceu ata agora, fixeche o que che deu a gana, pero dende hoxe todo vai ser distinto. Estás castigada –díxome.

Asegúroche que durante máis de unha hora eu non abrín a boca. Pero cando calaron, lanceilles un rosario de preguntas:

- Canto tempo hai que non me preguntais que tal estou, como me vai? Cando foi a última vez que vos sentástedes comigo para comentar algún asunto, para debater algún tema ou saber a miña opinión sobre algo? É que de min só vos interesan as miñas notas? E se aprobases todas as materias, rifariádesme do mesmo xeito?

Aquela noite foi marabillosa: os tres falando ata as doce da noite, meu pai contándome anécdotas da súa xuventude e miña nai confesándome os seus problemas como estudante. Eu faleilles de min. Comezamos a coñecernos.

G) Escribe agora ti un breve conto no que deberás empregar axeitadamente as seguintes formas verbais (en calquera das seis persoas):

- Pretérito (pretérito perfecto) de indicativo do verbo OCORRER
- Antepretérito (pretérito pluscuamperfecto) de indicativo do verbo COÑECER
- Copretérito (pretérito imperfecto) de Indicativo do verbo ACOSTUMAR
- Pretérito (pretérito imperfecto) de Subxuntivo do verbo PERMITIR
- Presente de Subxuntivo do verbo BICAR

O Conto estará dividido en tres parágrafos (lembra que debes respectar as marxes e a sangría) e irá precedido dun título:

- No 1º parágrafo presentas a protagonista do conto: onde vive, o que fai... Se queres podes dar datos sobre o seu físico, a súa personalidade, os seus amigos, a súa situación familiar ou escolar...
- No 2º parágrafo introduces o problema que ten a protagonista: algunha dificultade, contratempo, conflito...Pode ter un problema con outra persoa ou con varias, con alguén da súa familia, ou mesmo con ela mesma...
- No 3º parágrafo elaboras un desenlace, é dicir, como resolve a protagonista o problema que se lle presentou anteriormente.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

3ª ESO

Exercicios luns 30.

AVISO: Os poemas indicados podedes enconralos facilmente escribindo o título e o autor/-a en google.

Grandes temas na poesía do Rexurdimento.

Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal.

A función da poesía

“Dúas palabras da autora” (prólogo de *Cantares gallegos*)

1. Para que ou para quen escribe Rosalía?

“A lira de Tyrteo”

2. Que pretende facer Pondal coa Lira (=poesía)?

“Crebar as liras!”

3. Que función ten a poesía para Curros?
4. “Crebar as liras” significa ‘deixar de escribir poesía’. En que situación Curros estaría disposto a facer iso? Por que non pode facelo de momento?

LINGUA GALEGA E LITERATURA

4º ESO

Exercicios luns 30.

A narrativa de posguerra

EDUARDO BLANCO AMOR

Actividades:

A Esmorga. Análise

3. Espazo.
 - a. Lugar onde se se desenvolven os acontecementos
 - i. Espazo da declaración
 - ii. Espazo da “esmorga”
 - b. Lugar simbólico (Que poden simbolizar cada un dos espazos anteriores?)
4. Tempo
 - a. Externo (Época histórica na que se ambienta)
 - b. Interno
 - i. Tempo da declaración
 - ii. Tempo da “esmorga”
5. Lingua. Como é a lingua de *A esmorga*?